



ANSELMO LÓPEZ CARREIRA

Ourense medieval: documentos e arquivos



CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA



LÓPEZ CARREIRA, A.: *Ourense medieval: documentos e arquivos, Gallaeciae Monumenta Historica*, Consello da Cultura Galega, 2014.

[Accesible en: <http://gmh.consellodacultura.org/recursos/estudos/estudo/f/96/>]
doi.org/10.17075/gmh.003

Ourense medieval: documentos e arquivos

ANSELMO LÓPEZ CARREIRA

**Ourense medieval:
documentos e arquivos**



**CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA**

Por circunstancias que en parte descoñecemos, a cidade de Ourense conservou e transmitiu un patrimonio documental de especial magnitude e calidade.

De entre os varios factores que o explican, sen dúbida é relevante o feito de que esta cidade non padeceu graves estragos bélicos; os últimos asaltos que coñeceu remóntanse ao último terzo do século XIV, todos eles relacionados coa conflictiva entronización da dinastía de Trastámara. O primeiro en 1370, con motivo da contraofensiva trastamarista fronte a Fernando I de Portugal, cando «omnes scripture dicte ecclesie auriensis fuerant et sunt totaliter perditae et amisse in istis guerris, capcionibus, depredacionibus, combustionibus et rapinis que [...] fuerant in ista civitate et ecclesie», segundo a queixa exposta polo Cabido (ACO, *Escrituras XIV*, 73).

En 1386 tomaron a cidade as tropas inglesas do duque de Lancáster, que reclamaba a coroa para el e para a súa muller, Costanza, filla do xa morto rei Pedro I. Nesa ocasión a Catedral foi escenario de combates, que en certa medida (polo que se comproba, limitada) afectaron exemplares do arquivo, segundo recolle o informe enviado polo Cabido ao rei Henrique III en 1394: “Muyto alto et muy noble principe, poderoso señor [...] fosemos saber aa vosa real magestade que esta vosa egleia [...] d’Ourense perdeu et ha perdidos moitos privilegios et cartas et scripturas et merçedes que avia dos ditos señores reis, por la cisma et guerra et males et destruymentos que oubo esta vosa egleia et çidade, asi dos ingleses como de outras gentes» (ACO, *Notas de Estevo Pérez IV*, 52).

Posteriormente –cerca de cen anos despois– na propia Catedral tivo lugar o violento enfrontamento entre o conde de Lemos (Diego Osorio, que se fixo forte no seu interior) e o de Benavente, que o cercaba, do que resultou ruína na zona norte, por tanto no extremo oposto ao Arquivo, que está instalado nunha dependencia orientada ao sur.

Tampouco se produciron catástrofes doutro tipo (naturais ou accidentais), con efectos destrutivos.

As demais poboacións galegas teñen unha historia semellante e, non obstante, practicamente toda a súa documentación municipal está perdida, quitando os contados (e comparativamente moito máis modestos) casos de Santiago de Compostela e Pontevedra, uns cantos documentos soltos na Coruña e algún que outro rexistro notarial (está editado un de Rianxo¹). O repertorio incrementábase se engadimos a documentación urbana procedente de institucións eclesiásticas (sobre todo das catedrais), mais entón a vantaxe de Ourense aínda se incrementa.

O Concello, pola súa parte, careceu (como foi norma en case toda Europa) de local fixo ata despois da Idade Media, pero vese que os notarios sucesivamente adscritos ao oficio municipal souberon preservar con éxito os libros que recibían dos seus predecesores.

O CONCELLO

A documentación medieval do Concello ourensán custódíase maioritariamente (aínda que non exclusivamente) no Arquivo Histórico Provincial (AHPOu)². Está descrita nun recente catálogo³ e parcialmente editada⁴, pero a maior parte permanece aínda inédita⁵. Malia que acada un volume moi inferior

¹ F. R. TATO PLAZA: *Libro de notas de Álvaro Pérez, notario da Terra de Rianxo e Postmarcos (1457)*, Santiago de Compostela, 1999.

² O. GALLEGO DOMÍNGUEZ: *Archivo Histórico Provincial de Orense. Guía del investigador, Ourense, 1977*.

³ P. SÁNCHEZ FERRO (dir.) / M. J. LOSADA MELÉNDEZ (realiz.): *Catálogo de documentos medievais do Concello de Ourense*, Ourense, 2008.

⁴ M. MARTÍNEZ SUEIRO: *Fueros municipales de Orense*, Ourense, 1978 (publicouse por primeira vez no *Boletín de la Comisión de Monumentos Históricos y Artísticos de Orense* en doce números correspondentes aos anos 1910, 1911 e 1912, e logo nunha Separata en 1912); M. CASTRO e M. MARTÍNEZ SUEIRO: *Colección de Documentos del Archivo de la Catedral de Orense*, Ourense, 1914-1923 (ed. dixital en 2004); E. LEIRÓS: “La barca de Portovello en Orense”, *BCMO*, XIII, 128-182, Ourense, 1941; E. LEIRÓS FERNÁNDEZ e M. A. LEIRÓS: “Documentos sobre el Puente de Orense”, *BCMO*, XVIII (1953-1954), Ourense; X. FERRO COUSELO: *A vida e a fala dos devanceiros. Escolma de documentos en galego dos séculos XIII ao XVI*, 2 vols., Vigo, 1967; A. LÓPEZ CARREIRA: *Os irmandiños. Textos, documentos e bibliografía*, Vigo, 1991; idem: *De Ourense medieval. Rexistro de Xoán García. 1484, Ourense*, 1993; idem: “Contribución ó estudo da xudería ourensá baixomedieval”, en *Xudeus e Conversos na Historia*, vol. II, 201-217, Santiago de Compostela, 1994; idem: *Padróns de Ourense do século XV. Fontes estatísticas para a historia medieval de Galicia*, Santiago de Compostela, 1995; idem: *O pleito das fortalezas de Ourense (1455-1456)*, Ourense, 1998. Algúns outros documentos soltos foron editados illadamente en diferentes publicacións.

⁵ Para unha información máis particularizada sobre o estado da documentación baixomedieval vid. A. LÓPEZ CARREIRA: *A cidade de Ourense no século XV*, Ourense, 1998.

á do conxunto documental medieval existente no arquivo catedralicio (poderíamolo traducir a uns 2000 folios, incluíndo nesta contabilidade tanto os folios de papel como os pergamiños), non obstante reviste un interese para a historia estritamente urbana moito maior, ata o punto de que desde esta perspectiva non admite comparación con ningún outro arquivo de Galicia e ben pode ser situado entre os de mellor calidade de Europa en cidades de rango semellante.

Tal como o expresou Olga Gallego Domínguez, outrora arquiteira desa institución, esta documentación posúe un «extraordinario valor, por ser a única municipal de Galicia conservada con certa coherencia».

Valor determinado, ante todo, pola secuencia de libros dos notarios municipais e polos padróns fiscais. Os primeiros trazan un percorrido ininterrompido entre os anos 1433 e 1459, así como importantes calas en 1467-1470 e en 1484. Os padróns, pola súa parte, ofrécennos un material inigualable, grazas ao cal a cidade penetra na era protoestatística en pleno século xv, séndonos posible por medio deles elaborar series cuantitativas xa desde o ano 1428, de especial interese no terreo da demografía, sobre a que proxectan unha luz de gran fiabilidade. Ben é certo que ata as dúas últimas décadas da centuria as calas están distanciadas unhas das outras, pero logo a frecuencia é anual e ininterrompida, e mesmo con máis dun exemplar no mesmo ano.

Por proporcionaren moi pouca información sobre o mundo urbano, no que agora nos centramos, deixaremos a un lado a Sección de Clero⁶ deste arquivo, formada por documentos de datas diversas (medievais e posteriores) procedentes de institucións relixiosas, sobre todo monacais, que permaneceron aquí tras a desamortización. Entre os seus pergamiños hai documentación que cobre un segmento cronolóxico (en cantidade crecente) desde o século x (un único documento) ata o XV (547 documentos).

O corpo documental do AHPOu que máis interesa á vida medieval da cidade organízase en varios conxuntos de diplomas, pergamiños, libros e papeis soltos, dos que destacaríamos o *Libro das Obras da Ponte* (97 fols. entre os anos 1433 e 1438), os seis *Libros de Acordos do Concello* (que totalizan 657 fols. contidos nun libro con rexistros do notario Álvaro Afonso entre os anos 1432-34 e

⁶ J. FERRO COUSELO: *Archivo Histórico Provincial de Orense. Catálogo de libros de la Sección de Clero*, Madrid, 1980.

Afonso Enríquez de 1467 a 1470 e outros cinco do mesmo Álvaro Afonso de 1438 a 1459), o *Rexistro de Xoán García* (327 fols. do ano 1484) e os *Papeis do Concello* (Caixa 1 e Caixa 2), onde precisamente se gardan os padróns de veciñaza xunto con algún outro asunto.

A través das notas notariais imos percorrendo unha temática moi variada xa que nos seus libros de rexistro fica constancia da súa intervención en multitude de asuntos. Así pois, ademais dos reiterados contratos de foro, compravenda e demais, atopámonos con documentos de dote, préstamos, testamentos, ordenanzas municipais, disposicións da Irmandade, avinzas con veciños, autos xudiciais, recadación de impostos e moi interesantes series referentes á comunidade xudía e á construción da Ponte, tema este que (como máis arriba se indica) dispón de libros específicos e meticulosos.

De entre esta variedade temática merecen ser aínda resaltados, polo sistemático e coherente panorama que nos presentan, os libros de actas municipais, os padróns de veciños, os documentos da Irmandade, os da comunidade xudía e os libros de obra da Ponte Maior. O certo é que, quitando os padróns de veciños, que exclusivamente se conservan neste Arquivo, os demais poden ser completados con outros documentos do Arquivo da Catedral de Ourense (ACO), debido á xa comentada circunstancia de ir parar aí unha parte menor da documentación municipal, polo que deixamos para máis adiante un comentario do conxunto.

A CATEDRAL

Os fondos medievais do Arquivo da Catedral de Ourense⁷ foron descritos por Emilio Duro Peña no capítulo correspondente do *Inventario das fontes documentais da Galicia medieval*⁸. Están constituídos por unha inxente cantidade de documentos en papel e pergamiño, de procedencia catedralicia, monacal e incluso municipal, cuxo volume total, para que nos fagamos unha idea, podería avaliarse en aproximadamente 15 000 folios, entre documentos soltos, case todos en pergamiño, e libros de protocolos.

⁷ E. LEIRÓS FERNÁNDEZ: *Guía del Archivo de la Catedral de Orense*, Madrid, 1950.

⁸ Coord. X. R. Barreiro Fernández; dir. E. Portela Silva e M. C. Pallares Méndez, Santiago de Compostela, 1988.

Esta riquísima documentación supera, tan só en pergamiños, o número de oito mil, dos que máis de seis mil proceden dos mosteiros⁹ do bispado e os outros dous mil da Catedral. Ata data moi recente, e desde polo menos o século xviii, estaban cosidos nos respectivos cartafoles, o cal non foi a forma de conservarlos nas mellores condicións (sometidos moitos documentos a dobreces e perforacións) nin proporcionaba unha cómoda lectura. Algúns continúan hoxe no mesmo formato (sobre todo cando este se considera, a pesar de todo, o máis adecuado), pero a maioría foron coidadosamente traspasados a carpetas e caixas. Ademais, o proceso de dixitalización está a punto de concluír.

Limitándonos á que ten á cidade como protagonista, trátase na súa maior parte de documentación eclesiástica referente ao Cabido catedralicio, entre a que sobresaé cuantitativamente a que recolle os contratos polos que se organizaba a explotación das propiedades inmobiliarias, non só das explotacións agrarias, senón tamén das casas e soares urbanos. Por iso, aínda que esta documentación fornece moitos máis datos sobre os ámbitos agrarios (mesmo sen contarmos o voluminoso fondo monacal), é dicir, sobre o mundo rural e suburbano, tamén son de extraordinaria riqueza os que interesan á cidade, pois na fin de contas a Catedral era a propietaria de case todo o seu solo.

A temática que abranguen é forzosamente moi ampla, mais o primeiro lugar ocúpano os datos de tipo económico; cousa lóxica, xa que a misión da maior parte dos textos que se redactan era a de levar rexistro minucioso dos contratos de cesión e adquisición de bens inmobles que a Catedral (sobre todo o Cabido) asinaba con particulares.

En efecto, a inmensa maioría dos pergamiños son instrumentos notariais desa natureza e a maior parte das notas redactadas nos libros dos chanceleres consisten no rexistro deses e doutros contratos.

A ampla gama de documentos que afectan a circulación de bens inmobiliarios (e en menor medida mobiliarios) está integrada por foros (e subforos), arrendamentos, alugueres, vendas, doazóns, traspasos, cambios, cartas de poder, poxas, partillas, dotes e testamentos. O repertorio complétase con preitos e sentenzas, misivas rexías e papais e algúns outros.

⁹ E. LEIRÓS FERNÁNDEZ: *Catálogo de los pergaminos monacales del Archivo de la S. I. Catedral de Orense*, Santiago de Compostela, 1951.

Os libros de chanceleres capitulares conforman «unha copiosa e interesante documentación en papel anterior ao século XVI, que desde 1362 forma, podemos dicir, serie continua deica mediados do século XVI», segundo nos indicaba o cóengo arquivreiro E. Duro Peña. Conteñen pulcros índices do século xviii que, sen seren exhaustivos, constitúen unha magnífica guía para introducirse na súa densa información.

Por outra parte, atópase tamén aquí un corpo documental que non procede da Catedral, senón do Concello, e que por algunha circunstancia foi parar a este arquivo (e no seu día inutilmente reclamado por Ferro Couselo cando dirixía o Histórico Provincial).

Clasificamos abreviadamente os ditos fondos da seguinte forma: cincuenta e seis libros da autoría de vinte e un chanceleres do Cabido; outros libros de contido diverso referentes ás competencias urbanas e posesións do Cabido, entre eles o *Libro de Gastos da Ponte*, do ano 1447 (63 fols.), e o *Libro do Porto Vello*, de 1431 (42 fols.); libros de notarios da cidade, a saber, as Notas de Álvaro Afonso, que son actas do Concello do ano 1434 (170 fols.), os *Protocolos de Xoán García* dos anos 1498 (249 fols.) e 1483 (32 fols.), e un conxunto variado de restos de libros de varios notarios, agrupados baixo a epígrafe de Fragmentos de Notarios, a maior parte consistente en actas do Concello do séc. XV, así como algunhas notas do séc. xiv; por fin, os abundantes pergamiños, divididos no seu día en Privados (1683 docs., ata o ano 1554) e Reais (412 docs., ata o ano 1520), sen contarmos o abundante fondo monástico¹⁰.

A documentación catedralicia está así mesmo parcialmente catalogada¹¹ e minimamente publicada. Pódese afirmar que tan só unha pequena parte dos pergamiños privados foron editados ata o momento¹², outros están en proceso, mentres que a inmensa maioría dos libros (absolutamente todos os de chanceleres

¹⁰ E. Duro Peña editou a documentación catedralicia dos mosteiros de San Pedro de Rocas (*El monasterio de San Pedro de Rocas y su colección documental*, Ourense, 1972) e Santo Estevo de Ribas de Sil (*El monasterio de San Esteban de Ribas de Sil*, Ourense, 1977).

¹¹ E. Duro Peña: *Catálogo de documentos reales del Archivo de la Catedral de Orense (844-1520)*, Barcelona, 1972; idem: *Catálogo de los documentos privados en pergamino del Archivo de la Catedral de Orense (888-1554)*, Ourense, 1973.

¹² Idem: *Documentos da Catedral de Ourense, Santiago de Compostela*, 1996 (edición de 500 documentos privados en pergamino entre os anos 888 e 1289).

res) permanecen inéditos, exceptuando dous dos libros de notarios municipais¹³. Algúns documentos soltos déronse a coñecer en diferentes publicacións.

AS NOTICIAS

Tomada no seu conxunto, a documentación que superficialmente acabamos de describir proporciona unha información riquísima acerca da vida urbana no Ourense medieval, practicamente desde calquera perspectiva que a queiramos observar¹⁴.

Por unha parte, a nutrida representación existente de documentos dunha mesma tipoloxía (por exemplo foros, compravendas, padróns ou testamentos) permite elaborar series representativas e cronoloxicamente continuadas, das que obtemos perspectivas diacrónicas significativas sobre aspectos como a marcha xeral da economía e os seus ciclos, a evolución dos cultivos e das rendas, as vicisitudes da construción urbana, o volume e evolución da poboación, o tamaño das familias ou as condicións materiais de vida.

Por outra, grazas á capacidade de penetración que nos permite a amplitude do repertorio e a agudeza particular de moitos dos documentos, estamos en condicións de observar grupos humanos reducidos e de apreciar dimensións concretas das condicións de vida, de meros acontecementos, ou mesmo de descender ata episodios encadrables xa no ámbito individual e no día a día da cidade.

Os denominados *Libros de Acordos do Concello* conteñen as referidas actas municipais, que practicamente iluminan todo o século XV e nos presentan en detalle o ordenancismo municipal ourensán; unha intensa actividade do Concello que alcanza os máis diversos elementos da vida económica e social da cidade, entre os cales merecen as maiores preocupacións todo o referente á produción e comercialización do viño, sector en que descubrimos un dos alicerces máis sólidos da existencia mesma da cidade.

¹³ A. LÓPEZ CARREIRA: *Libro de notas de Álvaro Afonso (Ourense, 1434)*, Santiago de Compostela, 2000 e 2005; idem: *Fragments de Notarios (S. XIV-XVI)*, Santiago de Compostela, 2007.

¹⁴ Esta documentación constitúe a base fundamental de dous estudos sobre o Ourense medieval: A. LÓPEZ CARREIRA: *Ourense no século xv. Economía e sociedade urbana na Baixa Idade Media*, Vigo, 1991; idem: *A cidade de Ourense no século XV. Sociedade urbana na Galicia baixomedieval*, Ourense, 1998.

En íntima relación co Concello aparece a actuación da Irmandade entre os anos 1467 e 1469, ata o punto de a súa organización confundirse coa municipal. Tamén para este tema a documentación ourensá é privilexiada, pois só aquí dispón dunha fonte directa (certamente modesta) relativamente continuada e coherente. Conforma unha serie de certa entidade nos *Libros de Acordos* e complétase con noticias inseridas nos dos chanceleres capitulares. Fanse eco de episodios no preciso momento en que acontecen, como a puntual información da ocupación e derrocamento do Castelo Ramiro, exactamente datada, algo que noutros lugares se menciona moi tardiamente e de forma superficial.

Outra excepcional secuencia documental atopámola na fonte que nos permite coñecer de cerca ese específico grupo humano tan característico do mundo urbano, a comunidade xudía, que en ningún outro lugar de Galicia pode ser observada con tanta exactitude como en Ourense, onde nos é dado avaliar o seu volume demográfico e achegármonos á súa vida, personaxes e vicisitudes que atravesou ao longo do século XV, ata os momentos previos á expulsión de 1492.

Pola súa antigüidade e prestancia, o monumento emblemático de Ourense é a Ponte Maior do Miño. Chegou á baixa Idade Media en estado de notable deterioración, de maneira que ao longo de todo o século xv houbo que realizar traballosas obras de reconstrución, de tal envergadura que requiriron especial atención por parte das dúas institucións de goberno da cidade, o Concello e a Catedral, o cal se traduciu nun importante corpo documental, agrupado –á parte das noticias soltas– en varios libros notariais. Neles lévase conta da contratación de mestres e operarios, da organización e condicións de traballo, das técnicas empregadas, de prezos e salarios, contabilidade e outros asuntos.

Pero ademais, a documentación ourensá penetra ata os esvaradíos dominios das mentalidades, sobre todo a través dos testamentos, dos que posuímos exemplares pertencentes a todos os estamentos e a un segmento social relativamente extenso. Neles, a pesar dos formulismos ríxidos da redacción, chegan a aflorar non só as liñas dominantes da ideoloxía estandarizada, senón incluso actitudes de índole persoal. Por exemplo a daquel mercador que manda ser directamente sepultado en terra e panos menores, fronte á da fidalga que quere ser recibida polos cóngos en auténtica procesión fluvial.

Grazas á abundancia dos fondos, moitas noticias soltas, aleatoriamente inseridas nos documentos, acaban encaixando na reconstrución de escenas palpi-

tantes, mesmo dramáticas, que nos acercan, con nomes, apelidos e biografía, a personaxes concretos, de tal maneira que a historia do longo prazo perde a frialdade das xeneralizacións e da distancia cronolóxica e cobra vida nos sucesos cotiáns. Expóñense os efectos dos combates sobre os cidadáns, o paso da peste pola comarca e as súas repercusións económicas, accidentes notables (o incendio dunha casa con resultado de moitas vítimas, o derrubamento do arco da Ponte), as relacións humanas entre os veciños, a actuación da xustiza, etc.

OS DOCUMENTOS

Acerca do formato dos documentos en pergamiño hai pouco que comentar, pois trátase de instrumentos públicos confeccionados a petición de parte, polo que a súa redacción se atén a un ríxido formulismo, desenvolto de maneira completa (o cal chega a redundar nun exceso de reiteracións), coas correspondentes subscricións (sinais, sinaturas e, se é o caso, selos pendentes). A letra trazada polos escribáns da notaría é razoablemente caligráfica (salvo a cursividade intrínseca á procesual das últimas décadas do séc. XV) e, en xeral, o documento presenta un acabado coidado (para o que cómpre tomar en consideración o tempo transcorrido ata hoxe, que provocou unha inevitable deterioración).

O aspecto dos papeis e dos libros é ben distinto.

Para elaborar os padróns de veciños en ocasións utilizáronse formatos regulares, formando breves cadernos cando as relacións que conteñen son extensas, pero outras veces limítanse a follas soltas ou mesmo retallos delas, algúns moi maltratados polo tempo. En case todos os casos, a letra é apresurada e sumamente cursiva, mesmo confusa, circunstancia que se agrava na segunda metade do séc. xv, a medida que a *cortesá* vai sendo substituída pola *procesual*, ao que se suman as non escasas riscaduras e emendas. Os documentos resultantes constituían un instrumento de utilidade conxuntural para a recadación dos impostos de que se tratase (derramas da Coroa, *sisas* urbanas, contribución para a «Santa Hermandad» e algún gasto especial), mais tamén un rexistro notarial que ficou no arquivo do Concello. Ningún documento de maior entidade se elaboraba a partir deles.

Os libros de notarios, trátase dos debidos aos notarios leigos (municipais ou particulares) ou aos chanceleres capitulares, presentan todos eles unha factura e

uns contidos semellantes e adoitan ser unha etapa no proceso de elaboración de documentos definitivos. Os que recollen os acordos do Concello reflecten en exclusiva as disposicións municipais e os dos chanceleres todo o que afecta ao Cabido catedralicio, aspectos en que, en cambio, non entran os rexistros particulares, ocupados sobre todo por contratos e preitos, pero os temas son moi parellos e o aspecto externo practicamente idéntico.

O primeiro paso da praxe notarial¹⁵ sería a simple anotación de datos no mesmo lugar de actuación, a partir dos que posteriormente, xa na notaría, se redactaba un documento abreviado que ficaba incorporado ao rexistro do notario, que só se transformaba en documento público (polo xeral en pergamiño) a *rogo e requirimento* da parte interesada, mediante a incorporación desenvolta de todos os formulismos e subscricións de validación. Cando o asunto lles interesaba a dúas partes contratantes adoitábase facer unha dobre redacción consecutiva nun mesmo pergamiño, escribindo tres grandes letras (a.b.c) entre ambas as copias e cortándoo a continuación pola metade nun zigzag que partise as ditas letras, para desta forma garantir a autenticidade de cada unha das copias; era a chamada *carta partida por a.b.c.*

Conforme o que acabamos de dicir, o termo de «notas» debería designar con precisión o primeiro borrador, seguramente un caderno informal, tamén chamado por iso «libro manual», en xeral desbotado xa no seu día, unha vez elaborado o documento, e por tanto hoxe perdido. O exemplar redactado na notaría sobre folios de papel (polo propio notario ou por algún escribán ao seu servizo) incorporábase a un libro, encadernado con capas de pergamiño (algúns deles palimpsestos); este era o «rexistro» ou «libro de protocolos».

Porén, o certo é que, sendo estes rexistros os que chegaron ata nós, a denominación empregada na época non sempre se axusta ao esquema recentemente exposto, de maneira que co nome de *libro de notas* faise referencia en realidade ao *rexistro* ou *libro de protocolos*, denominación que nós (e outros autores) mantemos para algúns dos textos editados.

¹⁴ Vid. M. VÁZQUEZ BERTOMEU: *Notarios, notarias y documentos en Santiago y su tierra en el siglo XV*, Santiago de Compostela, 2001.

ANEXO: CATÁLOGO FONTES ARQUIVÍSTICAS

Arquivo da Catedral de Ourense

A- Libros de Notas de Chanceleres

García Díaz, séc. xiv (36 fols.)

Afonso Anes de Palmoi

Libro 2, 1441-48 (119 fols.)

Libro 3, 1449-53 (160 fols.)

Libro 4, 1458-60 (92 fols.)

Libro 6, 1467-70 (102 fols.)

Libro 7, 1454-58 (161 fols.)

Afonso Bachalarario

Libro 1, 1445-47 (34 fols.)

Libro 2, 1440-56 (109 fols.)

Álvaro González, 1435-36 (44 fols.)

Ares Fernández, 1454-61 (112 fols.)

Estevo Pérez

Libro 2, 1405-16 (114 fols.)

Libro 3, 1394-1409 (203 fols.)

Libro 4, 1387-94 (81 fols.)

Libro 5, 1392-96 (84 fols.)

Libro 6, 1390-97 (126 fols.)

Libro 7, 1428-34 (121 fols.)

Libro 8, 1399-1408 (37 fols.)

García Fernández de Berlanga

Libro 1, 1445-47 (104 fols.)

Libro 2, 1447-69 (238 fols.)

Libro 3, 1462-70 (114 fols.)

Gonzalo Aurario

Libro 1, 1418-23 (125 fols.)

Libro 2, 1423-28 (104 fols.)

Gonzalo Núñez, 1440-49, 1493-95, etc. (130 fols.)

Pedro Sánchez de Baeza

Libro 1, 1429-37 (103 fols.)

- Libro 2, 1434-37 (57 fols.)
- Rodrigo Afonso, 1416-23, 1440-43, etc. (32 fols.)
- Rodrigo García, 1438 (39 fols.)
- Rodrigo Vázquez
 - Libro 1, 1468-ppios. xvi (178 fols.)
 - Libro 2, 1491-1504 (290 fols.)
- Rodrigo Vázquez e outros, 1434-ppios. xvi (326 fols.)
- Roi Fernández da Somoza
 - Libro 1, 1449 (46 fols.)
 - Libro 2, 1454 (30 fols.)
 - Libro 3, 1455 (44 fols.)
 - Libro 4, 1462 (89 fols.)
- Roi González, 1495-96 (128 fols.)
- Xoán de Deza
 - Libro 1, 1473-86 (252 fols.)
 - Libro 2, 1474-1483 (73 fols.)
- Xoán de Espinosa 1438-40, 1450-54 (102 fols.)
- Xoán de Ramuín
 - Libro 1, 1490-95 (48 fols.)
 - Libro 2, 1456-59 (110 fols.)
 - Libro 3, 1472-87 (136 fols.)
 - Libro 4, 1465-72 (134 fols.)
 - Libro 5, 1488-89 (108 fols.)
 - Libro 6, 1490-91 (104 fols.)
 - Libro 7, 1490-94 (28 fols.)
 - Libro 8, 1488-91 (30 fols.)
 - Libro 8bis, 1495-98 (136 fols.)
 - Libro 9, 1498-99 (96 fols.)
 - Libro 11, 1492 (98 fols.)
 - Libro 12, 1490-92 (88 fols.)
- Xoán Estévez, 1444-48 (73 fols.)
- Xoán Fernández de Nogueira, 1449-50 (68 fols.)

B- Outros libros

A Cidade e as súas Competencias –varios séculos– (237 fols.)

Libro de Gastos da Ponte, 1447 (63 fols.)

Libros de Posesións do Cabido

1453 –not. García Fernández de Berlanga– (56 fols.)

1501 (146 fols.)

Libro do Porto Vello, 1431 (nots. Álvaro Afonso e Xoán Paz) (42 fols.)

Libro Grande –varios séculos– (36 fols.)

Privilexios (tomos I a IV)

Tombo Xeral do Señor Fonseca, 1477 (228 fols.)

C- Notarios da cidade

Fragmentos de Notarios

D, Actas do Concello, 1459 (69 fols.)

E1, Actas do Concello, 1436-37 (38 fols.)

E2, Actas do Concello, 1435 (20 fols.)

G –diversas datas– (20 fols.)

H, 1435 (20 fols.)

Actas do Concello, 1498 (30 fols.)

Actas do Concello, 1499 (35 fols.)

Docs. Soltos: 1435 (26 fols.), 1454 (8 fols.), 1483 (8 fols.), 1497, etc. (8 fols.)

Notas de Álvaro Afonso (Concello), 1434 (170 fols.)

Protocolos de Xoán García: Libro 1, 1498 (249 fols.), Libro 2, 1483 (32 fols.)

D- Pergamiños Privados (1683 docs., ata o ano 1554)

E- Documentos Reais (412, ata o ano 1520)

Arquivo Histórico Provincial de Ourense

Diplomas: Varios

Libro das Obras da Ponte, 1433-38 (97 fols.)

Libros de Acordos do Concello

I, Notas de Álvaro Afonso, 1432-34, e Notas de Afonso Enríquez, 1467-70 (238 fols.)

II, Notas de Álvaro Afonso, 1438-41 (93 fols.)

III, Notas de Álvaro Afonso, 1442-48 (121 fols.)

IV, Notas de Álvaro Afonso, 1448-56 (200 fols.)

V, Notas de Álvaro Afonso, 1455-56 (163 fols.)

VI, Notas de Álvaro Afonso, 1457-59 (80 fols.)

Marqués de Leis (30 pergamiños)

Papeis do Concello

Caixa 1: Padróns; Papeis varios (17 fols.); Padróns de Ourense s. xv-xvi (61 fols.)

Caixa 2: Padróns (44 fols.).

Pergamiños:

séc. x, 1 doc.

séc. xii, 6 docs.

séc. xiii, 91 docs.

séc. xiv, 136 docs.

séc. xv, 547 docs.

Papeis soltos (52 fols.)

Restro de Xoán García, 1484 (327 fols.)

Outros documentos referentes á cidade de Ourense

Algunhas referencias á cidade de Ourense foron achadas nun reducido número de documentos de distinta procedencia:

Arquivo da Catedral de Tui:

7 de outubro de 1471: testamento do Gómez Correa, veciño da Guarda, ferido en Ourense nos combates entre os condes de Lemos e de Benavente.

Arquivo Histórico Nacional -Madrid-:

Clero-Ourense, Oseira, Carp. 1554:

13: A Irmandade restitúe ao mosteiro de Oseira na percepción de certas rendas (3 de xuño de 1469).

Arquivo Municipal de Santiago de Compostela

Libro do Concello de Santiago, fol. 55: referencia a un veciño de Santiago que ten mercadorías confiscadas en Ourense (11 de marzo de 1419).

De procedencia descoñecida¹⁶:

Testamento de Pedro Vázquez de Puga o Branco (3 de xaneiro de 1430).

PUBLICACIÓN DE FONTES DOCUMENTAIS

A publicación de fontes é de momento reducida, carencia que se ve acentuada por causa do crecido volume documental de que trata. E se isto é particularmente notable no que atinxe á edición completa dos textos, pódese tamén aplicar á catalogación dos fondos, xa que se ben neste campo se avanzou máis, aínda é moito o material que nin sequera dispón desta base que permita un fácil acceso por parte dos investigadores.

Ata o momento cóntase coas seguintes publicacións relativas á documentación medieval ourensá, que expoñemos por orde cronolóxica de aparición:

A. Guías e Inventarios

JIMÉNEZ GÓMEZ, S.: *Guía para el estudio de la Edad Media gallega (1100-1480)*, Santiago de Compostela, 1973 (pp. 96-102 e 122-124).

GALLEGO DOMÍNGUEZ, O.: *Archivo Histórico Provincial de Orense. Guía del investigador*, Ourense, 1977.

DURO PEÑA, E. e GALLEGU DOMÍNGUEZ, O.: Senllos inventarios do Arquivo da Catedral (pp. 23-30) e do Histórico Provincial (pp. 75-77) respectivamente, in *Inventario das fontes documentais da Galicia medieval* (coord. Xosé Ramón

¹⁶ Publicado por B. Fernández Alonso en *BCMO*, I, 308-310.

Barreiro Fernández; dir. Ermelindo Portela Silva e M. Carmen Pallares Méndez), Santiago de Compostela, 1988.

LEIRÓS, E.: *Guía del Archivo de la Catedral de Orense*, Madrid, 1950.

B. Catálogos

LEIRÓS FERNÁNDEZ, E.: *Catálogo de los pergaminos monacales del Archivo de la S. I. Catedral de Orense*, Santiago de Compostela, 1951.

DURO PEÑA, E.: *Catálogo de documentos reales del Archivo de la Catedral de Orense (844-1520)*, Barcelona, 1972.

— *Catálogo de los documentos privados en pergamino del Archivo de la Catedral de Orense (888-1554)*, Ourense, 1973.

FERRO COUSELO, J.: *Archivo Histórico Provincial de Orense. Catálogo de libros de la Sección de Clero*, Madrid, 1980.

LÓPEZ CARREIRA, A.: *De Ourense medieval. Rexistro de Xoán García. 1484*, Ourense, 1993.

SÁNCHEZ FERRO, P. (dir.) / LOSADA MELÉNDEZ, M. J. (realiz.): *Catálogo de documentos medievais do Concello de Ourense*, Ourense, 2008.

C. Documentos

LÓPEZ FERREIRO, A.: *Galicia en el último tercio del siglo XV*, Santiago de Compostela, 1883.

pp. 55-57: ACO, Notas de Palmoi, VI, 11.

“ 60-61: *ibid.*, 57.

MARTÍNEZ SUEIRO, M.: *Fueros municipales de Orense*, Ourense, 1978¹⁷:

— Privilexio para os que viñesen morar a Ourense outorgado polo bispo Diego Velázquez ao redor de 1122 (p. 7).

— Concesión a Ourense por parte do rei Afonso VII en 1131 dos privilexios da Carta Foral de Allariz (10).

¹⁷ Publicouse por primeira vez no *Boletín de la Comisión de Monumentos Históricos y Artísticos de Orense* en doce números correspondentes aos anos 1910, 1911 e 1912, e logo nunha Separata en 1912.

- Sentenza de Afonso X no contencioso entre bispo e Concello por causa da xurisdición da cidade, dada o 1 de febreiro de 1259 (24-28).
- Nova sentenza do mesmo rei sobre privilexios da igrexa, dada o 14 de novembro de 1263 (29-30).
- Traslado desta sentenza, realizado o 4 de setembro de 1338 (30-31).
- Breve do papa Bonifacio VIII en xuño de 1295 no que se narra a destrución do convento dos franciscanos por parte da xente do bispo Anes de Nóvoa (37-39).
- Concordia entre a cidade e o bispo Pascual García, do 6 de xullo de 1384, confirmada polo Concello o 8 de agosto (47-54).
- Presentación de agravios por parte do Concello, con respostas do bispo Pascual García, do 24 de abril de 1385, que ao día seguinte se presentan ante os oficiais do rei (58-64).
- Ordenanzas municipais do 12 de xaneiro de 1427 (70-72).
- Mandamento da Irmandade para que se acuda ao derribo do Castelo Ramiro, do 25 de abril de 1467 (81).
- Petición enviada polos procuradores da cidade aos Reis Católicos para que a Catedral poida manter as súas construcións defensivas -s.d.- (97-98).
- Confirmación de privilexios da cidade por parte da raíña dona Xoana, o 6 de xuño de 1506 (99-100).
- Ordenanzas municipais de 1509 (100-101).

CASTRO, M. e MARTÍNEZ SUEIRO, M.: *Colección de Documentos del Archivo de la Catedral de Orense*, Ourense, 1914-1923. Hai algúns documentos de finais do XIV e do XV, que son os 45 que seguen:

Notas de Estevo Pérez:

V, 49: 1395, xuño, 26 (p. 371)

VI, 29: 1395, xuño, 26 (375-377)

VII, 53: 1430, decembro, 28 (411-413); 127: 1434, decembro, 9 (413);

76: 1436, outubro, 21 (420)

Notas de Gonzalo Aurario:

I, 68: 1421, xaneiro, 22 (394); 86v: 1422, xaneiro, 1 (394-395)

II, 57-58, 72-80: 1425, xullo, 18 (400-406)

Notas de Afonso Anes de Palmoi:

III, 55v: 1439, abril, 20 (421-422)

IV, 75: 1460, marzo, 29 (429-430); 82v: 1460, febreiro, 15 (433)

VI, 12v: 1467, (440)

Notas de Gonzalo Núñez:

27: 1440, decembro, 2 (422-423)

57: 1442, xuño, 26 (424-425)

Notas de García Fdez. de Berlanga

II, 133v-134: 1462, xullo, 15 (430-433); 136-137: 1462, agosto, 14 (433-436); 201-202: 1464, marzo, 17 (436-437); 101v: 1465, decembro, 5 (437-438); 198v: 1465, agosto, 18 (438); 194v: 1465, maio, 5 (439); 94-95: 1459 agosto, 25 (441)

III, 16v: 1463, maio, 4 (436); 96: 1467, abril, 25 (439); 165v: 1464, maio, 31 (440)

Notas de Rodrigo Vázquez, I: 6: 1478, outubro, 23 (442-444)

Notas de Rodrigo Vázquez e outros: 225: 1472, xaneiro, 8 (442)

Notas de Xoán de Ramuín, VIII: 125-130: 1493 (458-461); 75: 1497, xaneiro, 17 (463-464)

Escrituras:

VII, 40: 1443, maio, 21 (425-429)

VIII, 336: 1479, abril, 5 (444-446); 194-195: 1480, decembro, 17 (446-449); 277: 1497, marzo, 20 (461-463).

XII, 112v-113: 1427, agosto, 6 (409-410)

XIV, 108v-109: 1427, xuño, 23 (407-408)

XVII, 75: 1418, maio, 7 (391-393); 86, 1428, abril, 27 (410-411); 82, 1483, xullo, 5 (449-451)

XVIII, 56: 1404, xullo, 16 (387-389)

XXI, 20: 1440, setembro, 6 (423-424)

Privilexios, IV: 34: 1422, agosto, 27 (395-400); 35: 1435, agosto, 24 (413-420); 37: 1486, outubro, 13 (454-458)

Diversorum, I:123: 1485, xaneiro, 22 (452-454)

Sen signatura: 1396, xuño, 22 (377-383); 1408, marzo, 30 (390-391)

DURO PEÑA, E.: *El monasterio de San Pedro de Rocas y su colección documental*, Ourense, 1972: edición de 408 documentos do ACO entre 1007 e 1472.

— *El monasterio de San Esteban de Ribas de Sil*, Ourense, 1977: edición de 269 documentos entre os anos 921 e 1498 (326 ata 1648), dos que: 200 noACO;

28 no AHPOu; 25 no AHN (Madrid)

— *Documentos da Catedral de Ourense*, Santiago de Compostela, 1996: edición de 500 documentos privados en pergamino do ACO entre os anos 888 e 1289.

LEIRÓS, E.: “La barca de Portovello en Ourense”, *BCMO*, XIII (128-182). Ourense, 1941.

— e LEIRÓS, M.^a de los Ángeles: “Documentos sobre el Puente de Ourense”, *BCMO*, XVIII (37-110). Ourense, 1953-1954.

FERRO COUSELO, X.: *A vida e a fala dos devanceiros. Escolma de documentos en galego dos séculos XIII ao XVI*, 2 vols., Vigo, 1967:

— vol. I: 52 documentos do s. xv (do número 62 ao 113), procedentes na meirande parte de fondos monacais, proveñen das seguintes coleccións os referentes á cidade:

AHPOu, Rexistro de Xoán García (docs. 74, 93-101).

“ Tombo de San Pedro de Allariz (doc. 65)

“ Marqués de Leis (doc. 70)

“ Papeis do Concello, Caixa 1 (doc. 74)

“ Pergamiños (doc. 73)

“ Monacais, Celanova, Carp. 1 (docs. 87, 90 e 92)

San Clodio -décimos 1813- (doc. 86)

ACO, Monacais, V (doc. 69)

“ Notas de Berlanga, II, 71 (doc. 81), 98v (83), 167 (84) e 189 (85).

— vol. II: 47318documentos procedentes do fondo municipal, dos que un (doc. 224, pp. 243-250) é do s. xiv (24 de abril de 1385: agravios presentados polo Concello ao bispo Pascual García) e o resto do xv, que son os que seguen:

AHPOu, Libros de Acordos do Concello, I (docs. 1-25, 72, 74-109, 159-165, 192, 205-211, 225-235, 352, 364-366, 368-373, 375, 376, 381, 383, 401, 435, 440, 441-459, 461-465 e 470).

AHPOu, Libros de Acordos do Concello, II (docs. 26-32, 108, 110-123, 143, 166- 171, 179, 212, 213, 215, 236-244, 245-250, 402, 466 e 467).

AHPOu, Libros de Acordos do Concello, III (docs. 33-39, 47, 124-133, 172-177, 214, 251-275, 289 e 409-416).

- AHPOu, Libros de Acordos do Concello, IV (docs. 40-46, 48, 134, 136-143, 180-182, 276-284, 286-306 e 468).
- AHPOu, Libros de Acordos do Concello, V (doc. 300).
- AHPOu, Libros de Acordos do Concello, VI (docs. 49-71, 135, 146-156, 183-191, 217, 307-314, 316-319, 320-349, 417-434 e 469).
- AHPOu, Rexistro de Xoán García -1484- (docs. 109, 157, 158, 195-202, 218-221, 356-359, 361-363, 436-438, 472 e 473)
- AHPOu, Libro das Obras da Ponte (docs. 374, 377-380, 382, 385-399, 403-407 e 460).
- AHPOu, Papeis do Concello:
- Caixa 1 (docs. 21, 73, 194, 203, 216, 222, 223, 354, 355, 400, 408, 439, 471, 474 e 475).
- Caixa 2 (doc. 204)
- AHPOu, Pergamiños (docs. 175 e 224)
- ACO, Notas de Berlanga, II, 110v (doc. 193)
- García Oro, J.: *Galicia en la Baja Edad Media. Iglesia, señorío y nobleza, Santiago de Compostela*, 1977:
- AHPOu, Papeis do Concello, folla solta (doc. IV, pp. 245-248).
- AHN, Clero-Ourense, Oseira, Carp. 1554, 13 (doc. V, pp. 249-251).
- LÓPEZ CARREIRA, A.: “Tres documentos sobre a crise do século XIV en Ourense”, *Boletín Auriense* 18-19 (Ourense, 1988-89):
- ACO, Bispo e Dignidades, 94: 17 de xaneiro de 1346
- Ibid., Bispo, 81 (parcialmente): 19 de maio de 1352
- Ibid., Escrituras XIII, 21: 3 de xullo de 1380.
- “O traballo da viña nun documentos ourensán do século XIV” (ibid.):
- ACO, Escrituras XXI, 17-19 (17 de marzo de 1371)
- “Un rexedor de Santiago do século xv”, *Brigantium* 6 (A Coruña, 1989-1990):
- ACO, Escrituras, XIII, 56: 16 de decembro de 1447 (pp. 262-263); 1: 20 de decembro de 1447 (pp. 263-264); 21 de decembro de 1447 (pp. 264-265)
- Ibid., XVI, 46: 9 de setembro de 1451 (pp. 265-266).
- Ibid., II, 34: 1478 (p. 266).
- Ibid., XIII, 2: 10 de agosto de 1469 (pp. 266-267); 1-7 de xaneiro de 1474 (pp. 267-268).

Ibid., II, 34: 12 de febreiro de 1474 (pp. 268-269).

— *Ourense no século XV. Economía e sociedade na Baixa Idade Media*. Ourense, 1991 (179-218): trinta documentos do ACO datados entre 1341 e 1459, coas seguintes signaturas:

Bispo, 39, 110

Bispo e Dignidades, 91

Clérigos do Coro, 13, 51 e 55

Confraría do Crucifixo, 14

Escrituras I, 7 e 37; II, 31; III, 4 e 21; IV, 33; V, 30; VI, 29, 49 e 50; XII, 78; XIII, 3; XIV, 10; XVI, 33 e 50; XVII, 6 e 92; XVIII, 51; XX, 83; XXI, 76 e 90;

Fábrica, II, 651 e 657

— *Os irmandiños. Textos, documentos e bibliografía*. Vigo, 1991. Contén toda a documentación referente ao tema irmandiño, dos que 21 documentos son ourensáns:

doc. 2 (pp. 77-81): AHPOu, Papeis, folla solta

“ 8 (87): AHPOu, Acordos, I, 213

“ 10 (88-89): AHPOu, Monacais, San Clodio

“ 11 (90): ACO, Berlanga, III, 95v-96

“ 12 (90): AHPOu, Acordos, I, 221v;

“ 13 (90-91): *ibid.*, 214

“ 14 (91-92): ACO, Berlanga, III, 96

“ 16 (92-93): AHPOu, Acordos, I, 213v

“ 17 (93-94): *ibid.*, 215

“ 18 (94): ACO, Palmoi, VI, 3

“ 19 (95-96): AHPOu, Monacais, Celanova, Carp. 1

“ 21 (97): ACO, Berlanga, III, 97v

“ 23 (98-99): AHPOu, Acordos, I, 217v-218

“ 24 (99-101): *ibid.*, 218v-219

“ 25 (101): *ibid.*, 220

“ 27 (103): *ibid.*, 222-222v

“ 30 (105-106): *ibid.*, 234

“ 31 (106-107): *ibid.*, 231-231v

“ 32 (107-108): *ibid.* 238-238v

- “ 33 (108): ACO, Palmoi, VI, 30
- “ 38 (113-119): AHN (Madrid), Clero-Ourense, Oseira, Carp. 1554, 13.
- *De Ourense medieval. Rexistro de Xoán García. 1484*. Ourense, 1993. Inclúe a transcripción completa de dez documentos deste libro do AHPOu:
- n.º 6 (fols. 5v-6)99 (145-145v)
- 20 (59v-60)110 (156-156v)
- 77 (130v-131)111 (156v)
- 79 (131-131v)191 (286v-287)
- 84 (132v-133)196 (295-295v)
- “Contribución ó estudo da xudería ourensá baixomedieval”, *Xudeus e Conversos na Historia*, vol. II (201-217). Santiago de Compostela, 1994. Transcripción de 33 documentos sobre a comunidade xudía ourensá:
- ACO, *Notas de Álvaro Afonso*, 2v, 4, 9, 15v, 26v, 30v, 31, 34v, 36, 39v, 40v, 79v, 81, 82v, 94, 96, 98, 101, 101v, 124, 127v, 130v, 132, 137, 152, 160, 160v, 161, 165.
- Notas de Roi Fernández da Somoza*, III, 33v.
- Fragmentsos de Notarios*, D, 34, 44v, 46.
- *Padróns de Ourense do século xv. Fontes estatísticas para a historia medieval de Galicia*. Santiago de Compostela, 1995. Trinta censos fiscais comprendidos entre os anos 1428 e 1504:
- AHPOu, *Papeis do Concello* (Caixas 1 e 2)
- Libros de Acordos do Concello*, I (fols. 33-35), IV (fols. 126v-133v; 166v-178).
- *O pleito das fortalezas de Ourense (1455-1456)*. Ourense, 1998.
- AHPOu, Libro de Acordos do Concello, V
- “O casamento de Mencía, xudía conversa”, *Murguía* 3 (2004).
- ACO, *Rexistros de varios escribáns*, 72 (9 de marzo de 1483)
- *Libro de notas de Álvaro Afonso* (Ourense, 1434), Santiago de Compostela, 2000 e 2005.
- ACO, *Notas de Álvaro Afonso* (1434)
- “Testamento do cóengo Gonzalo das Seixas. Un home no seu tempo”, *Diversarum Rerum* 1 (Ourense, 2006)
- ACO, *Escrituras XVII*, 99-100 (28 de decembro de 1505)

— *Fragmentos de Notarios (S. XIV-XVI)*. Santiago de Compostela, 2007.

ACO, *Fragmentos de Notarios*

SECA, A. DE LA: “Curioso documento del Archivo Municipal”, *BCMO*, VII (472-475). Ourense, 1926:

1499, xullo, 15: Carta de compra polo Concello dunha viña sita cerca da Ponte, para espazo público da cidade (AHPOu, Pergamiños).